



## GeoRSS<sup>1</sup> do estado actual das estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición das etiquetas incluídas no arquivo en formato GeoRSS do estado actual das estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia actualmente en servizo.

Convén ter en conta que a información relacionada coa estrutura do ficheiro GeoRSS presentárase en *cursiva*.

A información está contida nas dúas etiquetas ou tags principais `<rss><channel>....</channel></rss>`.

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato GeoRSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML.

### Parámetros que acepta o GeoRSS

A este GeoRSS pódenselle pasar dous parámetros:

- Para seleccionar unha ou varias estacións concretas: o parámetro é *idEst*. A este parámetro hai que engadirlle un identificador da estación ou varios separados por coma (,).

Os identificadores de todas as estacións meteorolóxicas en servizo de MeteoGalicia pode obtelas do seguinte servizo JSON:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/listaEstacionsMeteo.action>

Para máis información sobre este servizo pode consultar o seguinte documento:

[http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/JSON\\_listaEstacionsMeteo\\_gl.pdf](http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/JSON_listaEstacionsMeteo_gl.pdf)

- Para o **idioma**: o parámetro é *request\_locale* e pode ter os seguintes valores:  
*request\_locale=es* → para o castelán.  
*request\_locale=gl* → para o galego.

NOTA: si non se pon ningún parámetro, por defecto saca o estado actual da estación Santiago-EOAS no concello de Santiago de Compostela e o idioma en galego.

### Exemplos:

- A estación Santiago-EOAS ten o identificador numérico 10124, polo que a consulta sería:  
<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/rssEstacionsEstActual.action?idEst=10124>
- A estación Santiago-EOAS ten o identificador numérico 10124 e a de Mabegondo o 10045, polo que a consulta para obter a información das 2 estacións sería:  
<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/rssEstacionsEstActual.action?idEst=10124,10045>

### Etiquetas propias do GeoRSS

*title*: Título do GeoRSS.

*link*: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra a información da Rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia.

*description*: Descrición do contido do GeoRSS.

*item*: Cada grupo de etiquetas contidas entre as etiquetas `<item>...</item>` constitúe o bloque de información para unha estación. O significado de cada unha desas etiquetas é o seguinte:

*title*: Nome da estación xunto coa hora UTC do último dato obtido pola estación.

*link*: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra a información da estación.

---

<sup>1</sup> GeoRSS pertence á familia de estándares RSS e utilízase para representar información xeorreferenciada anotando xeográficamente as entradas do RSS para que dita información poida ser localizada no mapa.



*description*: Contén unha descrición co estado actual da estación.

*pubDate*: Data da publicación.

*guid*: Ligazón á páxina web de Meteogalicia que mostra a información da estación.

*dc:date*: Data da publicación.

*georss:point*: Punto que contén un único par latitude-lonxitude separados por un espacio en branco. Esta etiqueta é propia do GeorSS-Simple<sup>2</sup>.

### **Etiquetas con información do estado actual da estación.**

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>` e son as seguintes:

**EstacionsEstActual:concello**: Nome do concello donde se atopa a estación.

**EstacionsEstActual:estacion**: Nome da estación.

**EstacionsEstActual:idEstacion**: identificador numérico único da estación.

**EstacionsEstActual:provincia**: provincia galega donde se encontra a estación.

**EstacionsEstActual:utmx / utmy**: lonxitude (UTMX-29T ETRS89) e latitude (UTMY-29T ETRS89) respectivamente donde se atopa a estación.

**EstacionsEstActual:dataLocal**: data e hora local da lectura mostrada.

**EstacionsEstActual:dataUTC**: data e hora UTC da lectura mostrada.

**EstacionsEstActual:icoCeo**: código que fai referencia a unha icona representativa do estado do ceo:

VALOR	SIGNIFICADO
101	Despexado
103	Nubes e claros
105	Cuberto
107	Chuvascos
111	Chuvia
201	Noite sen chuvia
211	Noite con chuvia
-9999	Sen dato

**EstacionsEstActual:icoTemperatura**: código que fai referencia a unha icona de temperatura representativa da tendencia da mesma, indicando si a temperatura está subindo, baixando ou se atopa estabilizada.

VALOR	SIGNIFICADO
-9999	Sen dato
400	Temperaturas en descenso
401	Temperaturas sen cambios
402	Temperaturas en ascenso

**EstacionsEstActual:icoVento**: código que fai referencia á dirección e intensidade do vento.

<sup>2</sup> Para máis información do GeorSS-Simple consultar: <http://www.georss.org>

VALOR	SIGNIFICADO
-9999	Sen dato
301	Dirección N, intensidade feble
302	Dirección NE, intensidade feble
303	Dirección E, intensidade feble
304	Dirección SE, intensidade feble
305	Dirección S, intensidade feble
306	Dirección SW, intensidade feble
307	Dirección W, intensidade feble
308	Dirección NW, intensidade feble
309	Dirección N, intensidade moderada
310	Dirección NE, intensidade moderada
311	Dirección E, intensidade moderada
312	Dirección SE, intensidade moderada
313	Dirección S, intensidade moderada
314	Dirección SW, intensidade moderada
315	Dirección W, intensidade moderada
316	Dirección NW, intensidade moderada
317	Dirección N, intensidade forte
318	Dirección NE, intensidade forte
319	Dirección E, intensidade forte
320	Dirección SE, intensidade forte
321	Dirección S, intensidade forte
322	Dirección SW, intensidade forte
323	Dirección W, intensidade forte
324	Dirección NW, intensidade forte
300	Vento variable

(Para calquera dos casos, o valor “-9999” significa que o dato non foi rexistrado.)

**EstacionsEstActual:valSensTermica:** valor da sensación térmica calculada según o heat index.

**EstacionsEstActual:valTemperatura:** valor medido da temperatura.

#### Exemplo dun bloque representativo

```

<item>

  <title>Santiago-EOAS (Santiago de compostela) ás 11:10 h. (UTC)</title>

  <link>http://ww2.meteogalicia.es/galego/observacion/estacions/estacions.asp?
  request_locale=gl?request_locale=gl&idest=10124</link>
  <description>[...]</description>
  <pubDate>Fri, 15 Jan 2016 10:10:00 GMT</pubDate>

  <guid>http://ww2.meteogalicia.es/galego/observacion/estacions/estacions.asp?
  request_locale=gl?request_locale=gl&idest=10124</guid>
  <dc:date>2016-01-15T10:10:00Z</dc:date>
  <georss:point>42.877159118652344 -8.557990074157715</georss:point>
  
```



```
<EstacionsEstActual:estacion descricion="Nome da estación">Santiago-
EOAS</EstacionsEstActual:estacion>
  <EstacionsEstActual:idEstacion descricion="Id da
estación">10124</EstacionsEstActual:idEstacion>
  <EstacionsEstActual:concello descricion="Concello da estación">Santiago de
Compostela</EstacionsEstActual:concello>
  <EstacionsEstActual:provincia descricion="Provincia da estación">A
Coruña</EstacionsEstActual:provincia>
  <EstacionsEstActual:dataUTC descricion="Instante en hora UTC no que se
rexistraron estes datos da estaci&#oacute;n">15/01/2016
11:10</EstacionsEstActual:dataUTC>
  <EstacionsEstActual:icoCeo descricion="Icona para o estado do ceo
">101</EstacionsEstActual:icoCeo>
  <EstacionsEstActual:icoVento descricion="Icona para a dirección e
intensidade do vento">302</EstacionsEstActual:icoVento>
  <EstacionsEstActual:icoTemperatura descricion="Icona para a tendencia da
temperatura">402</EstacionsEstActual:icoTemperatura>
  <EstacionsEstActual:valTemperatura descricion="Valor numérico da
temperatura en °C">8.1</EstacionsEstActual:valTemperatura>
  <EstacionsEstActual:valSensTermica descricion="Valor numérico da sensación
térmica en °C">7.1</EstacionsEstActual:valSensTermica>
  <EstacionsEstActual:utm
descricion="UTMX">536101</EstacionsEstActual:utm>
  <EstacionsEstActual:utmy
descricion="UTMY">4747354</EstacionsEstActual:utmy>
  <EstacionsEstActual:dataLocal descricion="Instante en hora local no que se
rexistraron estes datos da estaci&#oacute;n">15/01/2016
12:10</EstacionsEstActual:dataLocal>
</item>
```